

## A menina de Pontearreas

Nin Concepción, nin Daniel, nin Manuel nin Teresa... Xa non vive ninguén dos catro irmáns Ojea Sarmiento, de Pontearreas, que co seu segundo apelido nos remitiría de maneira inmediata e directa a Agustina Sarmiento, a nena galega que o pintor Diego Velázquez inmortalizou no famoso cadro que orixinalmente titulou *La familia de Felipe IV* pero que a historia decidiu que fose máis popularmente coñecido como *Las Meninas*, outorgándolle así un imprevisto protagonismo ás dúas mozas camareiras que flanquean a infanta Margarita de Austria, filla do citado monarca e mais a súa muller, a raíña Mariana.

Os que si viven son, entre outros familiares, o fillo de Daniel Ojea Sarmiento, Carlos Ojea Vidal, e a filla de Concepción, Conchita González Ojea. Ningún de ambos os dous podía sospeitar hai pouco máis de vinte anos –«nin nos pasara pola cabeza», confesan– que tivesen algo que ver coa mociña que no cadro aparece á dereita da Infanta. Mais, cando Conchita comentou co director da Biblioteca de Tui, Rafael Sánchez Bargiela, as dúbidas que tiña sobre o nome que debería poñerlle á daquela recentemente creada Asociación de Viúvas de Galicia, este sorprendeuna cunha solución de todo punto inesperada: «Telo moi doado! Poñédelle o nome da túa parente! Na fin de contas, quizais sexa a viúva máis famosa de Galicia». Foi así como Conchita, en consulta coa súa nai, «que tiña un tremendo memorión e sabía máis que ninguén da nosa familia», soubo que era,

digamos que simplificando a árbore xenealóxica, a prima daquela nena retratada nun dos cadros máis coñecidos da historia da arte; que ela é descendente dunha daquelas meninas tocadas pola graza real.

Daquela, a asociación de viúvas quedou solemnemente bautizada como Agustina Sarmiento, e mentres en Conchita comezou a suscitarse un interese cada vez maior pola súa egrexia antepasada, o seu primo Carlos empezou a argallar a idea de elaborar unha árbore xenealóxica dos Sarmiento –unha das sagas nobiliarias máis insignes de Galicia, entroncada coas de Soutomaior e Sobroso–, que o levou a confirmar que «nalgún momento da Historia, un ou varios membros da nosa familia emparentaron cos mesmísimos Borbóns».

Cando Sánchez Bargiela lle descubriu a Conchita a súa relación familiar con Agustina, aínda non estaba moi claro se a moza, cuxas raíces galegas ninguén puxera en dúbida, nacera tamén na nosa terra. Polo xeral, os que repararan nela situaban o seu berce en Madrid, malia admitiren que, polo menos durante dez anos, residira nalgún dos pazos da actual bisbarra do Condado, propiedade dos Sarmiento. Así o deixara escrito José Manuel Domínguez, Lete, nun artigo publicado na revista local *Lonxe da Terriña*, e así o corroboraba outro estudoso desta figura: o historiador e etnógrafo Clodio González Pérez.

«O traslado a Madrid, por motivos de traballo, converteume», contábanos José Manuel Domínguez desde a capital de España, «nun asiduo visitante do Arquivo Histórico Nacional». Alí expedíronlle a correspondente tarxeta que lle permitiu acceder a documentos que «ninguén tocara anteriormente». E foi deste xeito como Lete descubriu o lugar e a data exactos do nacemento da menina galega, cos seus nomes e apelidos completos: María Agustina Sarmiento Isasi Sotomayor Idiáquez y Luna. Canedo (Ponteareas). 28 de agosto de 1642.

A partir do descubrimento dese dato, vital en todos os sentidos, as pistas illadas de todo o que xa se sabía verbo de Agustina comezaron a

encaixar coma nun crebacabezas no que soamente faltaba esa peza. E o curioso é que, cando Lete iniciou as súas pescudas, o seu obxectivo inicial non era o de investigar a vida da rapaza, senón o de realizar un estudo sobre a saga dos Sarmiento: «Non cabe dúbida de que se trata dun cadro magnífico», recoñece, «pero, naquela altura, eu descoñecía incluso a existencia de Agustina». Aos seus oitenta anos de idade, José Manuel Domínguez confesábanos que xa el dera por rematadas as súas investigacións sobre a menina, «así que agora lles toca a outros continuar».

Pero a remuda semella que caeu en boas mans, porque tanto Carlos Ojea como Conchita González continuáan recompilando unha información coa que rastrexan as pegadas da nena, filla de don Diego de Sarmiento, irmán daquel don García que, cando fora nomeado vicerrei de México e Perú en 1642 (reparen na coincidencia de datas), lle indicou ao propio Filipe IV que a mellor persoa para ocupar o cargo de home de máxima confianza do monarca na Corte, cargo que el desempeñara ata entón, era o seu irmán Diego, terceiro conde Salvaterra. Porque, ao cabo, resultou ser este feito o que provocou o traslado da familia a Madrid e a conseguinte entrada na Corte de Agustina, a quen a raíña Mariana seleccionou como unha das camareiras (tradúzase o termo como ‘damas de compañía’, sen chegar a seren propiamente unhas institutrices) da súa filla pequena.

E abofé que non debeu de cumprir mal a súa misión Agustina. Máis ben todo o contrario, porque cando anunciou a súa voda con Juan Arellano (por certo, grande amigo de Velázquez) a raíña agasalouna co título de Condesa de Aguilar. Agustina Sarmiento casou efectivamente en 1658 con Arellano, pero non tivo descendencia, polo que, cando caeu en desgraza, tivo que malvenderlle o título ao burgalés Manuel González.

Mais non adiantemos acontecementos, xa que, anos antes, unha desgraza propiciara o regreso de Agustina, e mais o seu recén estreado

marido, a Pontearas: o falecemento do irmán desta, José Joaquín, óbito que obrigou a que o novo matrimonio tivese que facerse cargo das propiedades dos Sarmiento en Galicia. Durante dez anos, a parella residiu no pazo familiar dos Sarmiento en Canedo, xustiño no lugar no que hoxe se ergue o convento franciscano que dirixe o padre Arias.

En 1668 morre Juan Arellano e, ao ano seguinte, María Agustina é requirida pola raíña para que retorne axiña a Madrid para exercer de dama de honra da monarca, ata que en 1677 Mariana de Austria sofre desterro e Carlos II acada a maioría de idade para reinar.

Lonxe da Corte, a vida da menina comeza a revirarse para Agustina de Sarmiento tras o falecemento, en 1684, do seu segundo home, Diego Felipe Zapata y Silva, conde de Barajas e XII Conde de Coruña (Coruña del Conde, Burgos, ollo!).

O declive de Agustina coincidiu co propio declive da súa familia, que daquela xa non estaba en disposición de facer nada por esta muller, que finou na ruína, «seguramente nalgún recanto esquecido de Madrid», asegura José Manuel Domínguez, quen atribúe a caída en desgraza dos Sarmiento «á morte da avoa, Leonor de Luna». Leonor era unha persoa de grande influencia á que se lle atribúe o mérito de coar na Corte de Filipe IV os seus fillos Diego e García.

A día de hoxe, mentres se escriben estas páxinas, ningunha praza, ningunha rúa, ningún busto, ningún nomeamento, ningún recoñecemento, ningún símbolo ou elemento público, material ou non, homenaxean e nin sequera lembran a quen foi tan insigne filla da vila de Pontearas, capital do Tea.

## Doutor en Vietnam

«É un gran tipo Argimiro García Granado. Galego de pura cepa, algo retranqueiro, ecuánime, ponderado, calmo e moi eficaz. Veterano da guerra española, veterano da División Azul, indiferente ao perigo, é un home que apenas pode agachar a súa profunda bondade». Así definía o xornalista Luis María Anson o comandante da denominada Spanish Medical Mission nunha das crónicas da súa etapa de correspondente na guerra de Vietnam. Anson fora un dos escasos periodistas españois que cubriron in situ aquel conflito bélico e probablemente o único que contactou coa equipa sanitaria que, durante case seis anos, permaneceu na primeira liña de combate traballando no hospital de campaña de Go Cong. Non custa nada, abofé, atopar grandes semellanzas entre a Spanish Medical Mission e os protagonistas da película e posterior e exitosa serie televisiva MASH, cuxos guionistas ambientaron as tramas na guerra de Corea, si, pero case todo o mundo sabía que aquilo non era Corea, senón Vietnam, unha guerra que rematou con tan estrepitosa derrota para os Estados Unidos que durante anos se converteu nun asunto tabú para a opinión pública norteamericana.

Argimiro García Granado nacera o 13 de marzo de 1912 en Santiago de Compostela, fillo de Argimiro García e Josefa Granado, e irmán de Francisco, José, María Amelia, Josefina e Carlos. Tras estudar Bacharelato no colexio dos Hermanos Maristas da súa cidade natal, García Granado matriculouse na Facultade de Medicina da Universidade compostelá; no quinto ano de carreira tivo que

interromper os seus estudos para incorporarse á fronte bélica da Guerra Civil. Pero, rematada a contenda, aproba as materias que lle quedaban pendentes e adquire unha grande experiencia como cirurxián.

En 1942, co grao de alférez médico, forma parte do continxente de tropas da División Azul que combate co exército alemán contra os rusos en Stalingrado. Lembrando aquela terrible experiencia, o galego confesáballe a Anson en Vietnam: «Nin nas trincheiras de Rusia sentín tanta sensación de risco como aquí, en Go Cong».

Ao seu regreso de Rusia, estableceuse en León, onde fixo prácticas de cirurxía no Hospital Militar, e o 16 de agosto de 1947 casa en Madrid coa canaria Úrsula Méndez Bencomo, un matrimonio do que nacerían seis fillos: Argimiro, José Carlos, Fernando, Francisco, Úrsula e Maruxa (toda unha concesión á súa galeguidade de orixe).

Sería seguramente a súa muller quen o animase a solicitar destino en Canarias, pois, en 1947, e cos galóns de tenente médico, pasa a formar parte do cadro de persoal do Hospital Militar de Tenerife. Alí, tras un curso que o fai volver transitoriamente á capital de España, especialízase en radioloxía e ascende a capitán. A súa rutilante traxectoria, tanto na carreira militar como na médica, lévao no ano 1963 a ascender a comandante e a ingresar na Academia Española de Radioloxía.

Cando en 1966, mediante un acordo entre Franco e o presidente estadounidense Lyndon B. Johnson, España se compromete a enviar un continxente sanitario a Vietnam, o director xeral de Sanidade Militar do Ministerio do Exército propón a García Granado como xefe dun equipo médico entre os quen figuran, ademais do galego, José Linares Fernández (capitán médico), Luciano Rodríguez González (capitán médico), Francisco Faúndez Rodríguez (capitán médico), Manuel Vázquez Labourdette (capitán de intendencia), Manuel García Matías (tenente practicante), Francisco Pérez Pérez (subtenente

anestesista), José Bravo López-Baños (subtenente practicante) e os brigadas Joaquín Baz Sánchez, Juan Pérez Gómez, Juan Outón Barahona e Ramón Gutiérrez de Terán Suárez Guanes.

Agás algunha excepción, case todos eles eran homes moi curtidos na medicina militar en situacións moi esixentes, pois se García Granada estivera en Stalingrado, outros procedían de Marrocos e o Sáhara Occidental. Porén, ninguén deles sospeitaba que en Go Cong (rexión do delta del Mekong) os agardaba o máis semellante ao inferno que coñecerían no resto dos seus días: «Chegastes doce, pero non volveredes máis de cinco ou seis: os do Vietcong, os primeiros aos que lles disparan é aos médicos», advertiunos nada máis chegar alí un oficial norteamericano.

Non é de estrañar que cando Luis María Anson chegou a Go Cong escribise nun ton entre místico e patriótico: «Velaquí un grupo de médicos españois, que non loitan coas armas, que viñeron facerlle ben a estas xentes, a sandar feridas da carne e da alma. Chegamos xa á casa branca e escangallada...» (publicado o 9 de febreiro de 1967 en *ABC*). Ou que incluso reclame atención na súa crónica: «(...) Os médicos españois en Vietnam necesitan axuda, necesitan unha maior atención do Goberno, necesitan xornais, libros, información, medicinas, calor humana...».

Moi pouco que ver tiñan estas palabras coas que, referíndose ao mesmo suceso, asinaba outro correspondente un ano antes: «Hoxe publicouse aquí a noticia da chegada dun equipo cirúrxico español (...). A súa residencia é Go Cong, no delta, onde se se lles construíu un pavillón cómodo e provisto de material cirúrxico moderno (...). É unha aldeíña amable e acolledora. Tén escolas de paúis, hospital, asilo de anciáns, catedral católica, maternidade».

Arredor dun cento de médicos e sanitarios foron os que, en sucesivas remudas, integraron durante seis anos a Spanish Medical Mission en Vietnam; algúns deles reengancharon e outros permaneceron alí

todo o tempo. Polo que atinxe a Argimiro García Granado, o seu nome xa non figura entre os membros da primeira remuda (na que o cargo de comandante recae en Manuel Fernández Sánchez) nin na derradeira (na que á fronte da delegación aparece o tamén comandante Secundino Sáez García). Porén, Carlos Díaz Cejudo, ao que debemos a inclusión de numerosos datos biográficos plasmados nestas páxinas, escribe no número de setembro/outubro de 2007 de *Acta Médica*, revista do Colexio Oficial de Médicos de Santa Cruz de Tenerife, sobre o noso protagonista: «Regresa a Canarias en 1967, facéndose cargo do servizo de radioloxía do Hospital Militar. En 1970 é requirido de novo para dirixir a misión médica de España en Vietnam do Sur, que, como a primeira vez, se enmarca no tratado da cooperación española cos Estados Unidos na axuda ao pobo vietnamita. É condecorado polo goberno vietnamita e americano en recoñecemento ao seu labor».

A de Vietnam foi a derradeira guerra na que participou García Granado. Nomeado xefe de radioloxía do Hospital Militar de Tenerife, foi ascendido a coronel en 1973. Aínda despois da súa xubilación, en 1975, mantivo a súa consulta privada aberta ata o mesmo día da súa morte, o 23 de novembro de 1976. Tiña 64 anos de idade.

Por certo: malia aqueles prognósticos de nefasto agoiro do oficial norteamericano, ningún daqueles médicos e sanitarios españois faleceu en Vietnam.